

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 2 DE ABRIL DO ANO 2018

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 2 de abril do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde en funcións e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO (alcalde en funcións)

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

PATRICIA MARÍA BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

JESÚS SOUTO PENA

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Excusan a súa asistencia:

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VÁZQUEZ (ALCALDE)

RAMIRO BELLO RECOUSO -PP

ANTONIO FRAGA BOLÓN-PP

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY-PP

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN-BNG

ELADIO VERDÍA GARCÍA-PSOE

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste a Interventora accidental Lucía Barreiro Angeriz

Antes do inicio da sesión celébrase un minuto de silencio en homenaxe ás vítimas de violencia de xénero

1- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A secretaria explica que na acta da sesión de 25 de xaneiro de 2018 existía un erro na cuantía dun proxecto dos que foron aprobados no POS+ 2018, en concreto no de “Afirmado e mellora da capa de rodadura nas parroquias de Golmar e Montemaior”

Nesa obra figuraba como orzamento total 97.050,34€. Sen embargo a cuantía real de importe total era de 97.050,35€, o que supón que a Deputación financia de investimento dentro da achega provincial 2017 97050,34€ e que o Concello da Laracha debe aportar 0.1€ de financiamento para obter o total do importe de 97050,35€.

Iso conleva por tanto que o subtotal de investimentos achega provincial 2017 sexa de 376516,78€ de Deputación +0.1€ de aportación municipal o que supón un total de 376516,79 e que o total pase a ser de 1.100587,52€ de Deputación + 0.1€ de aportación municipal o que supón un total de 1.100587,53€

Explica a Secretaria que ese erro rectificouse por Resolución de alcaldía de 30 de xaneiro de 2018 e que xa se incorpora á acta definitiva de 25 de xaneiro de 2018 correxido sempre que esta ratificación sexa aprobada polo Pleno.

Non hai intervencións por parte dos concelleiros polo que aprobase por unanimidade a acta así rectificada o que supón a ratificación da Resolución de 30 de xaneiro de 2018.

2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DE MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE QUE ASISTIRÁ AO PLENO/XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O alcalde de conformidade co disposto no artigo 326 e no apartado 7 da disposición adicional segunda da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público resolveu designar con carácter permanente os seguintes membros da Mesa de contratación que deberá asistirle como órgano de contratación ou á Xunta de Goberno Local, cando exerza competencias como órgano de contratación por delegación de alcaldía.

Os membros designados son:

-Presidente: Sr. Alcalde

Substitutos (por este orde): primeiro tenente de alcalde e segundo tenente de alcalde

-Vogais:

O secretario/a da Corporación ou quen lle substitúa

O interventor/a da Corporación ou quen lle substitúa

-Secretario: o técnico de administración Xeral ou funcionario que o substitúa nos casos de ausencia do primeiro

Acordou igualmente propoñer ao Pleno da Corporación a designación con carácter permanente dos mesmos membros da Mesa de contratación para cando o Pleno exerza competencias como órgano de contratación, ou á Xunta de Goberno Local, cando exerza competencias como órgano de contratación por delegación do Pleno

Sometida a votación a proposta do alcalde que consta no parágrafo anterior resulta aprobada por unanimidades en producirse intervencións.

3º.- DECLARACION DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL AO FIN DE OBTENIR A BONIFICACIÓN DA CUOTA DO I.C.I.O. REGULADA NO ART. 6 DA ORDENANZA FISCAL Nº 17

Dase lectura á proposta de alcaldía previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, que se copia:

PROPOSTA

A Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, recolle no artigo 6º a posibilidade de conceder bonificacións na cota de dito imposto a aquelas construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Tal declaración, así como o outorgamento da bonificación, corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.

As persoas xurídicas que se detallan no anexo á presente proposta presentaron os días 22.01.2018, 24.01.2018 e 15.02.2018, respectivamente, solicitude de bonificación da cota do imposto de construcións, instalacións e obras.

Visto o informe da arquitecta técnica municipal, as obras cumpren coas condicións detalladas no artigo 6º da ordenanza para ser susceptibles de declaración de especial interese ou utilidade

municipal, así como para obter a correspondente bonificación fiscal.

Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte acordo:

Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada no anexo, así como a bonificación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras na porcentaxe que se especifica no anexo.

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

SOLICITANTE	DATA SOLICITUD E	OBRA	CAUSA ARTIGO 6º DA O.F. 17ª	PORCENTAJE BONIFICACIÓN
LAVIDOR SL	22.01.2018	Nave industrial para fabricación de portas e derivados	Aptdo. d): Obras de primeiro establecemento ou implantación de empresas no Polígono Industrial.	95 %
IVÁN CAAMAÑO GESTO	24.01.2018	Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar	Aptdo. c): Reparación e conservación de inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo municipal.	50%
J. ESMORÍS E HIJOS SL	15.02.2018	Nave industrial para almacén de maquinaria materiais de construción	Aptdo. d): Obras de primeiro establecemento ou implantación de empresas no Polígono Industrial.	95 %

A Laracha, 19 de marzo de 2018

O alcalde

Maniféstanse a favor os portavoces. Sometida a votación resulta aprobada por unanimidade

4º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2018 PARA A CREACIÓN DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 130/15100 CONSIGNANDO UNA CANTIDADE DE 3150€

Explicase por parte do alcalde en funcións a propsta de alcaldía que se trae a Pleno logo de ser ditaminada pola Comisión Informativa correspondente.

Cópiase a proposta:

PROPOSTA DE ALCALDIA

En relación coa asignación de gratificación por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo para o persoal funcionario deste Concello.

Vista a insuficiencia de efectivos na policía local para cubrir toda a xornada laboral e ante a necesidade de cubrir a mesma.

Tratándose da retribucións de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal ou habitual de traballo que teña que realizar o funcionario.

Estas gratificacións terán carácter excepcional, e en ningún caso poden ser fixas na súa contía nin periódicas.

O artigo 93.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.

Estes límites están contidos no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Así, de conformidade co establecido no artigo 7 do Real Decreto citado, os créditos destinados a complementos de produtividade, gratificaciónes e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

Da cantidade que resulte destinárase até un máximo do 10% para gratificaciónes.

Dado que para a súa concesión é necesario que exista consignación orzamentaria, destinada a tal finalidade, dentro dos límites cuantitativos arriba sinalados.

Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no Orzamento da Corporación a cantidade global destinada á asignación de gratificaciónes aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2 c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, en cambio, corresponde ao Alcalde ou Presidente da Corporación a asignación individual, con suxeición aos criterios que estableza o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril.

PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO. Modificación provisional do Orzamento 2018 consignando a contía total de **3.150,00 €** na aplicación orzamentaria 130/15100 financiada con bolsa de vinculación.

SEGUNDO. Dar traslado deste acordo aos Servizos de Persoal, a Intervención e a Tesourería.

TERCEIRO.- Expoñelo ao público no taboleiro de anuncios e no BOP da Provincia da Coruña durante un prazo de 15 días, durante os cales se poderán presentar alegacións.

En A Laracha a 20 de marzo de 2018

O Alcalde

Interveñen os portavoces para manifestarse a favor

Sométese a proposta, previamente ditaminada, a votación do Pleno resultando favorable por unanimidade dos asistentes.

5º.- PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 AO AMPARO DO REAL DECRETO 616/2017 DE 16 DE XUÑO POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCiónS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Por Resolución de alcaldía 549/2017 de 17 de julio de 2017 se acordó participar en el procedimiento regulado por el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE nº 144 de 17 de junio de 2017).

Una vez analizada la documentación enviada por este Ayuntamiento al organismo competente para su tramitación, con fecha 21 de marzo de 2018 se nos notifican requerimientos de subsanación en relación con las solicitudes de ayuda a los proyectos objeto de la presente convocatoria.

En los requerimientos de subsanación se solicita de este Ayuntamiento, entre otras cosas, un certificado de Acuerdo del Pleno municipal que apruebe de forma expresa los puntos establecidos en el artículo 12.4.a) del Real Decreto 616/2017.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 12.4.a) punto 2º del Real Decreto 616/2017, la aprobación presupuestaria para cada uno de los proyectos singulares subvencionables estará condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER para llevarla a cabo, salvo para el proyecto “Mejora de la eficiencia energética de las instalaciones de iluminación interior en pabellón polideportivo de campo de fútbol, IES Laracha, CEIP Paiosaco y pabellón de Caión” con LOCALIZADOR/N.º REGISTRO 4A8AAA/834 para el que sí existe dotación presupuestaria por la totalidad del proyecto de 51.594,40 euros.

Visto cuanto antecede se somete a aprobación del Pleno, previo dictamen favorable de la Comisión Informativa permanente de asuntos económicos, hacienda e especial de cuentas, la siguiente propuesta de acuerdo:

PRIMERO.- Participar y aceptar expresamente el procedimiento regulado por el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE nº 144 de 17 de junio de 2017).

SEGUNDO.- Aprobar las siguientes actuaciones que componen los proyectos singulares subvencionables siguientes:

PROYECTO	LOCALIZADOR/N º REGISTRO	IMPORTE TOTAL PROYECTO (incluido IVA)	IMPORTE SUBVENCIONA DO (80%)	DOTACIÓN PRESUPUESTARIA MUNICIPAL (100%)
Renovación de luminarias alumbrado exterior en zonas urbanas de Caión, Paiosaco, A Laracha y carretera general	29AAA/306	461.415,39	369.132,31	Condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER (art 12.4.a) punto 2º del Real Decreto 616/2017
Renovación de luminarias alumbrado exterior en zonas rurales	AOGAAA/290	387.811,85	310.249,48	Condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER (art 12.4.a) punto 2º del Real Decreto 616/2017
Renovación de luminarias alumbrado exterior en Polígono Industrial	NCGAAA/300	168.092,04	134.473,63	Condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER (art. 12.4.a) punto 2º del Real Decreto 616/2017
Mejora de la eficiencia energética de las instalaciones de iluminación interior en pabellón polideportivo	4ª8AAA/834	51.594,40	41.275,52	51.594,40

de campo de futbol, ies Laracha, CEIP Paiosaco y pabellón de Caión				
Mejora de la eficiencia energética de las instalaciones de iluminación interior en Casa do Concello da Laracha, centro sociocultural de Paiosaco, edificio usos múltiples A Laracha y Biblioteca A Laracha	E88AAA/814	63.316,40	50.653,12	Condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER (art 12.4.a) punto 2º del Real Decreto 616/2017

Explica o alcalde en funcións todo o relativo a este expediente en relación ao requerimento do IDEA recibido.

Intervén o concelleiro Antonio Antelo e manifesta que vai votar a favor.

O concelleiro Juan Caamaño manifesta igualmente o seu apoio. O mesmo que o concelleiro do Xoán Sande.

Sométese a votación a proposta de alcaldía previamente ditaminada pola Comisión Informativa resultando aprobada por unanimidade dos asistentes

6º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dase conta das resolucións dende a 2018/G003/000026 ata a 2018/G003/000174

Non hai intervencións

7º.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o concelleiro do BNG Xoán Sande para presentar a moción que tivo entrada no rexistro da Corporación o día 23 de marzo de 2018 co nº 1374 onde proponse dotar de zonas de espaxemento tales como pistas polideportivas descubertas, áreas válidas para xogos populares e parques biosaludábeis para maiores á parroquia de Lestón dentro do centro urbano de Paiosaco, onde se concentra a maior parte da poboación desta parroquia

Sométese a votación a urxencia resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Intervén o alcalde en funcións e di que en paiosaco non desenvolveuse todavía ningunha zona adecuada para unha instalación deste tipo

Sométese a votación o fondo da moción resultando rexeitada por 8 votos en contra (PP) e 3 a favor(1BNG,1TEGA+1PSOE)

2.- Moción do BNG presentada o día 13 de marzo de 2018 co nº 1196 de rexistro de entrada na que se propón

- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei por iniciativa legislativa popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, que se está a impulsar polas entidades ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO (CIG, FRUGA E ORGACCMM) e COUSA DE RAÍCES e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentarios e Presidente da Xunta de Galicia.

- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular

O alcalde accidental xustifica a postura do seu grupo de non apoiar a urxencia do seguinte xeito:

Considera que dende o ano pasado estase a realizar unha 1º revisión do Plan Forestal de Galicia. Que o principal problema ó que nos estamos enfrontando ten que ver coa actividade incendiaria e que non ten sentido demonizar ós eucaliptos. Que sí existen incendiarios que aproveitan a situación climática

excepcional que houbo pero que a Xunta segue a cumprir os seus compromisos en materia de ordenación e fomento forestal

Sométese a votación a urxencia resultando rexeitada por 8 votos en contra (do grupo municipal do PP) e 3 a favor (PSOE+TEGA+BNG)

PREGUNTAS

Pregunta presentada polo BNG co nº 1388

¿ adoptouse alguna medida dende o pasado mes de setembro con respecto ao mencionado camino público no Lugar da Tabeira (parroquia de Golmar) que se mantén pechado e inaccesible en parte do seu percorrido? Vanse adoptar medidas de xeito inmediato para garantir a reposición dese camino público ou vai permitir o goberno municipal que continúe o atropelo que supón mantelo pechado e impedir a oacceso dalgunhas persoas a súa vivenda?

Explica o alcalde accidental que o camino está ocupado por uns vecinos

Pídelle o concelleiro Xoán Sande. Quen formulou a pregunta, que quede libre e accesible

E non habendo mais asuntos que tratar remata a sesión sendo as 14:15h